



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN EN APOIO AO POBO SAHARAUI ANTE A ESCALADA DA TENSIÓN NA ZONA DO GUERGUERAT E INSTANDO Á ONU E A MINURSO Á ORGANIZACIÓN DO REFERENDO NO 2021

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en apoio ao pobo saharai ante a escalada da tensión na zona do Guerguerat e instando á ONU e a MINURSO á organización do referendo no 2021.

Exposición de motivos

O pobo saharai leva décadas sufrindo as agresións do Reino de Marruecos coa complicidade da comunidade internacional. A pesar da súa responsabilidade histórica, nin os diferentes gobernos españois nin as institucións europeas actuaron para que se cumpra o dereito internacional e os mandatos das resolucións da ONU. O pobo saharai leva agardando un referendo de autodeterminación dende que no 1991 se producira o alto o fogo entre exército marroquí e o Fronte Polisario, e a ONU establececese a súa Misión para o Referendo no Sáhara Occidental (MINURSO). Dende entón, a poboación saharai vive exiliada en duras condicións nos campos de refuxiados de Tindouf, no deserto arxelino ou no territorio saharai baixo ocupación marroquí, onde a violencia e a represión das forzas da ocupación é sistemática.

España ten unha responsabilidade xurídica directa sobre o Sáhara Occidental, dado que transferiu a soberanía e a administración a Marruecos e Mauritania, da que era a súa colonia, de forma completamente ilegal no 1975. Un territorio que España abandonou a súa sorte no 1979, sen atender aos requisitos de descolonización da ONU. Dende a

retirada de Mauritania en 1979, Marruecos é a única potencia ocupante sobre o terreo, que explota uns recursos mineiros e pesqueiros que xeran enormes beneficios as súas empresas. Ata que se produciron estes acordos ilegais, os saharauis eran cidadáns españois e a pesar deste abandono por parte das autoridades contaron durante anos coa maioritaria solidariedade do noso pobo a súa xusta causa. As relacións de fraternidade que nos unen a ambos pobos son enormes, incrementadas por anos de políticas públicas de solidariedade: irmandamentos, Vacacións en Paz ou proxectos de cooperación ao desenvolto.

Ruptura do Alto o Fogo

O conflito nos último días vese agravado. As forzas marroquíes abriron unha carreteira que cruza a zona do Guerguerat, na fronteira entre o Sáhara Occidental e Mauritania, atravesando unha zona que polos acordos de 1991 quedou desmilitarizada. Este paso é ilegal, pero enormemente beneficioso para as autoridades marroquíes, que o utilizan para o paso de camións cara as súas explotacións na África subsahariana. Dende fai varias semanas, poboación civil saharauí estivo protestando na zona cortando esta carreteira de forma pacífica co fin de chamar a atención da comunidade internacional en reclamo do referendo e da renovación do mandato da MINURSO, ata que o pasado 13 de novembro, as forzas marroquíes atacaron aos manifestantes desarmados abrindo tres pasos ilegais no muro, iniciando así un conflito que supuxo a ruptura do alto o fogo. Esta decisión pode supoñer a volta á guerra antre o Sáhara Occidental e Marruecos.

O Pobo Saharauí está canso de agardar un referendo porque dende 1991 pasaron casi 30 anos. Unha parte do pobo vive baixo ocupación marroquí e os seus dereitos humanos son violados constantemente. A outra parte vive no exilio do deserto. Os seus recursos naturais están sendo expoliados. Os máis vellos din que non poden morrer sen ver polo menos ao seu pobo lograr a independencia e a liberdade, e recuperar o seu territorio para refundir a nación.

Sen embargo, a única mellor solución para este conflito non é a guerra, se non a organización sen máis dilacións dun referendo de autodeterminación que lle pregunte ao pobo saharauí se quere a independencia ou a súa integración con Marruecos. Iso é o acordado en varias resolucións das Naciónes Unidas e debe cumprirse. A isto ten dereito o pobo saharauí, pero ese referendo esta vez non pode agardar.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común presenta ao Pleno da Corporación os seguintes acordos:

1- Expresar o seu apoio e solidariedade co Pobo Saharai ante a agresión marroquí que viola as fronteiras e os Acordos de Paz establecidos en 1991 e supón ademais unha ruptura do Alto o Fogo.

Expresamos do mesmo xeito o noso compromiso coa causa saharai e o noso convencemento do seu dereito irrenunciable ao exercicio do dereito de autodeterminación, que xa non pode agardar máis.

2- Instar ao Secretario Xeral da ONU, Antonio Guterres, ao nomeamento dun enviado ou representante Especial para o Sáhara Occidental, imprescindible pola responsabilidade que ten sobre a organización do referendo, asistido por MINURSO.

O anterior representante Especial, Horst Koehler, dimitiu por motivos de saúde en maio de 2019 e dende entón a ONU leva ano e medio sen nomear un enviado especial, aínda cando o seu papel é importantísimo para reactivar o referendo. Durante o mandato do expresidente alemán Koehler, celebráronse dúas xuntanzas de proximidade entre as partes en Ginebra, en decembro do 2018 e maio de 2019.

3 – Realizar un chamamento á ONU e a MINURSO para a súa implicación no conflito do Guerguerat e no restablecemento do Alto o Fogo para que os enfrontamentos non deriven nunha situación de conflito armado ou incluso a volta a unha guerra aberta.

4 – Instar ao goberno español para que inste a súa vez á ONU a cumprir a resolución 690 do Consello de Seguridade de 29 de abril de 1991 que mandata á MINURSO á organización dun Referendo durante o próximo ano 2021, co establecemento dun calendario e sobre a base do censo publicado no seu día pola ONU. Así mesmo, débense decidir os funcionarios, tropas e fondos suficientes, para a súa celebración con garantías democráticas e absoluta transparencia.

5 – Instar ao goberno español para que como potencia administradora que ten pendente responsabilidades históricas, colabore e contribúa á celebración do referendo e siga promovendo unha actitude de diálogo e calma entre as partes, para frear a escalada de tensión, para a non agudización do conflito e a volta ao Alto o Fogo.

Ferrol, 18 de novembro de 2020

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized loop followed by a shorter stroke.

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común